



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O
DÍA 28 DE SETEMBRO DE 2006.**

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. MARCOS BLANCO JORGE

Concelleiros/as:

D. JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ
(PSOE)

D^a. MANUELA IGLESIAS
COLLARTE (PSOE)

D. CONSTANTINO AREDA VIDAL
(PSOE)

D. JAVIER IGLESIAS SENDÍN
(PSOE)

D. FRANCISCO XABIER CARREIRA
SEBIO (BNG)

D. CELSO SOTELO BARROSO (PP)

D. BRAULIO EXPÓSITO SOBRINO
(PP)

D. SECUNDINO RODRÍGUEZ
GÓMEZ (PP)

D. JULIO DABARCA CUIÑAS (PP)

D^a MARÍA MARTÍNEZ ABAL (PP)

D. CARLOS A. PINAL HERMIDA
(PP)

D^a LUISA DEL CARMEN
ESCUDEIRO CENTRÓN (BNG)

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as 20:10 horas do día VINTEOITO de SETEMBRO de 2006 reúnese en sesión ordinaria e primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as relacionados na marxe, actuando como Secretario, Vicente Soto Rordriguez, asistindo o responsable do departamento de Intervención, Vicente Soto Rodríguez.

Secretario Xeral:

Vicente Soto Rodriguez

Interventor:

Vicente Soto Rodríguez

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida celebración da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese ao análise dos puntos da orde do día.

1.-APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA, QUE FOI A DO 27 DE XULLO PASADO (ORDINARIA) E 6 E 19 DE SETEMBRO PASADO (EXTRAORDINARIAS).

Pola Presidencia pregúntase aos asistentes se existe algunha obxección ás actas do 27 de Xullo, 6 e 19 de Setembro de 2006, ao que se lle resposta negativamente, resultando aprobadas por unanimidade dos asistentes.

2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDIA DE ACORDO CO EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.-

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85 , do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións de Alcaldía ditadas dende a sesión anterior, e que se relacionan de seguido:

Do 1 de xullo, unha, sobre aboamentos.

Do 11 de xullo, unha, sobre aboamentos.

Do 17 de xullo, unha , sobre aboamentos.

Do 18 de xullo, unha , sobre aboamentos.

Do 20 de xullo, unha , sobre aboamentos.

Do 21 de xullo, unha, sobre aboamentos.

Do 24 de xullo, tres , sobre aboamentos.

Do 26 de xullo, tres , sobre aboamentos.

Do 27 de xullo, dúas, unha sobre aprobación da lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos para os postos de Técnico Local de Emprego (Interreg III A Enoturismo) e Administrativo (Programa Equal Avia Crea Futuro) e unha sobre aboamentos.

Do 28 de xullo, seis , catro sobre aboamentos, unha sobre Delegación da Presidencia do Tribunal do concurso-oposición para prever as prazas de persoal laboral temporal adscrito ós programas Interreg III A Enoturismo e Avia Crea Futuro e unha en materia da súa competencia.

Do 30 de xullo, dúas , sobre aboamentos.

Do 31 de xullo, catro, sobre aboamentos.

Do 1 de agosto, catro, tres sobre aboamentos e unha sobre contratación de persoal para realización de servizos municipais.

Do 2 de agosto, tres, unha sobre contratación de persoal para realización de servizos municipais e dúas sobre aboamentos.

Do 3 de agosto, catro, sobre aboamentos.

Do 4 de agosto, dúas, sobre aboamentos.

Do 7 de agosto, dúas, sobre aboamentos.

Do 8 de agosto, unha, sobre aboamentos.

Do 9 de agosto, dúas, sobre aboamentos.

Do 10 de agosto, unha, sobre aboamentos.

Do 11 de agosto, unha, sobre aboamentos.

Do 14 de agosto, unha, sobre aboamentos.

Do 16 de agosto, unha, sobre aboamentos.

Do 17 de agosto, dúas, unha sobre aboamentos e unha en materias da súa competencia.

Do 18 de agosto, dúas, unha sobre limpeza de terreos e soares e outra sobre aboamentos.

Do 22 de agosto, unha, sobre aboamentos.

Do 23 de agosto, unha, sobre aboamentos.

Do 24 de agosto, unha, sobre aboamentos.

Do 25 de agosto, unha, sobre aboamentos.

Do 28 de agosto, tres, dúas sobre aboamentos e unha en materia de obras e outras da súa competencia.

Do 29 de agosto, unha, sobre limpeza de terreos e soares.

Do 30 de agosto, tres sobre aboamentos.

Do 31 de agosto, dúas, sobre aboamentos.

Do 1 de setembro, tres, unha sobre contratación de persoal para realización de servizos municipais e dúas sobre aboamentos.

Do 4 de setembro, dúas, unha sobre aboamentos e outra en materia de obras e outras da súa competencia.

Do 5 de setembro, dúas, sobre aboamentos.

Do 6 de setembro, tres, sobre aboamentos.

Do 7 de setembro, catro, unha sobre Delegación da Alcaldía en Don Francisco Xabier Carreira Sebio, unha sobre imposición de multa coercitiva e dúas sobre aboamentos.

Do 11 de setembro, sete, cinco, sobre arquivo de expediente e dúas sobre aboamentos.

Do 12 de setembro, unha, sobre aboamentos.

Do 13 de setembro, unha, sobre aboamentos.

Do 14 de setembro, dúas, sobre aboamentos.

Do 15 de setembro, seis, unha sobre aboamentos, unha sobre limpeza de soares e terreos e soares, unha sobre contratación de persoal para realización de servizos municipais, unha sobre horario de apertura o público das instalacións deportivas municipais, unha sobre delegación de competencias sobre celebración voda civil en Dona Luisa del Carmen Escudero Centrón e outra en materia de obras e outras da súa competencia..

Do 18 de setembro, dúas, unha sobre aboamentos e outra sobre aprobación de lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos no concurso para a contratación de persoal laboral temporal adscrito o Conservatorio e Escola de Música de Ribadavia.

Do 19 de setembro, unha, sobre aboamentos.

Do 20 de setembro, unha, sobre aboamentos.

Do 22 de setembro, dúas, unha sobre aboamentos e outra sobre limpeza de soares e terreos.

3.- MOCIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.

Non hubo mocións de urxencia.

Don Celso Sotelo Barroso, voceiro do grupo municipal do P.P., formula os seguintes rogos e preguntas:

1º ROGO.- Rogaríalle o Sr. Alcalde que de arranxaran os camiños existente o lado do río, xa que a terra está sen extender e están intransitables.

2º ROGO.- Rogaríalle o Sr. Alcalde que dado que existe persoal de brigadas, que procedan a limpar a entrada do colexio da Alameda pola rúa Martínez Vázquez, así como a subida o palco da música.

3º ROGO.- Fai tres anos durante a festa da Istoria rompeuse unha farola na rúa Fonte da Prata e a data de hoxe está sen repoñer; dí que non lle vale que se diga que debe aboala a Festa da Istoria, polo que lle roga que se poña e despois se lle pase a factura a Coordinadora.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que se arranxaron varios camiños, se ben debido a prioridade da obra que se está a facer en Muñoz Calero algúns faltan por rematar o cál se fará en vindeiros días.

4º ROGO.- Rogaríalle o Sr. Alcalde que se poñan as luces do campanario das igrexas da Madalena e Santiago así como tamen o alumado do entorno, indicando que este rogo foi unha petición que lle realizaron os veciños da zona.

5º ROGO.- Rogaríalle o Sr. Alcalde que se limpe e arranxe a beirarúa de acceso o campo da feira, xa que se atopa nun estado lamentable.

1ª PREGUNTA.- Despois de resaltar que é unha vergoña que se convoque un pleno cun solo punto (rogos e preguntas), sobre todo cando existen temas que se podían debatir no pleno, como por exemplo un acordo económico existente coa policía local que este ano estase a incumplir, polo que pregunta porque non se fixo unha modificación presupostaria, a cál podería ser debatida neste pleno.

Resposta o Sr. Alcalde: Está de acordo en que o pleno de hoxe está vacío de contido, dí que o lóxico houbera sido aprazalo, non obstante vd. poden facer labor de control do goberno a traves do turno de rogos e preguntas; respecto o tema da Policía Local dí que houbo un erro na redacción dos presupostos, se ben na derradeira modificación presupostaria correxírase, cuestión que xa saben os membros da policía. Finaliza a súa intervención dicindo que o acordo coa policía ven dende fai varios anos e este grupo de goberno sempre cumpriu e non vai a deixar de cumprir agora.

2ª PREGUNTA.- Na comisión informativa no que se falou da adquisición dun tractor desbrozador díxose que o titular era o Concello de Ribadavia, e o mesmo estivo traballando nos derradeiros meses no veciño concello de Carballeda de Avia, sinalando que fai máis servizo nese Concello que no propio de Ribadavia, polo que solicita unha explicación.

Resposta o Sr. Alcalde: No seu momento formalizouse un convenio de colaboración; dí que estivo traballando no Concello de Carballeda tres semanas, correndo este concello cos gastos de mantemento, persoal e reparacións; finaliza dicindo que este ano nadie se pode queixar do estado no que se atopan os camiños do Concello de Ribadavia.

3ª PREGUNTA.- En Francelos existen alomenos oito fugas de auga dende fai varios días; di que o servizo atopase abandonado debido a que a empresa dedicase a realizar as obras que lle adxudica o Concello, polo que lle solicita unha explicación.

Resposta o Sr. Alcalde: A empresa contratou persoal para atender as averías e ademais ten un contrato cunha empresa externa, non obstante darase conta das mesmas a empresa para que as solucione.

4ª PREGUNTA.- Interésalle saber como se atopa o tema do conflito dos lindes co Concello de Carballeda de Avia.

Resposta o Sr. Alcalde: Atopase conxelado, pendente dunha reunión entre ambos Concellos, indicando que unha vez transcurra un determinado tempo arquivarase o expediente.

Intervén o Sr. Sotelo Barroso, para dicir que ten as súas reservas xa que non se fía do Alcalde de Carballeda de Avia e teme que unha vez pasen as eleccións municipais volva a reactivarse o tema.

5ª PREGUNTA.- A empresa de limpeza do Concello, de acordo coa súa oferta, debería facer unha limpeza extraordinaria na festa da Istoría e sen embargo ten entendido que colaboraron varios Concellos cos seus servizos (Cañiza, Carballiño) a realización da mesma, polo que pensa que se está a incumprir o contrato; así mesmo resalta outros incumprimentos como o tema do lavado de contenedores unha vez o mes.

Resposta o Sr. Alcalde: Na festa da Istoría, a parte da empresa, pediuse colaboración a outros Concellos, cuestión pola que lle estamos agradecidos; di que esta colaboración non supuxo custo algún e contribuíu a melloralo servizo. Finaliza a súa intervención dicindo que a empresa esta prestando o servizo medianamente ben.

6ª PREGUNTA.- Interésalle saber cando se van substituír as pedras rotas existentes na rúa Extramuros.

Resposta o Sr. Alcalde: Falará co concelleiro de obras, xa que é unha cuestión que haberá que facela canto antes.

7ª PREGUNTA.- Interésalle saber porque non comenzaron antes as obras de acondicionamento dunha aula no Colexio da Alameda.

Resposta o Sr. Alcalde: Retrasou a obra por varios motivos; un primeiro porque o Concello non aceptaba suprimir os vestiarios da Picuxa e houbo que refacer o proxecto e o segundo polo feito que se retrasou a aula ata a peche da fachada principal.

8ª PREGUNTA. Interésalle saber se se lavan os colectores soterrados.

Resposta afirmativamente o Sr. Alcalde, solicitando de seguido o Sr. Sotelo Barroso que o lavado realícese máis frecuentemente.

9ª PREGUNTA.- Solicita unha explicación sobre as negociacións cos veciños para a adquisición de terreos para a cosntrucción do ambulatorio.

Resposta o Sr. Alcalde: En vindeiros días celebrarase unha reunión da Corporación con obxecto de dar máis información; di que no documento do Plan Xeral contemplábase o ambulatorio na N-120, se ben dita proposta foi rexeitada por Urbanismo en base a un informe dos servizos técnicos do Sergas, os cáles consideraron como idónea a zona do campo da feira; en canto a reunión cos veciños foi para comprobar a súa disposición a venda, incluso chegouse a pactar un prezo. Finaliza a súa intervención dicindo que é un tema de tal transcendencia que debería haber un acordo unánime de todos os membros da Corporación.

Intervén o Sr. Sotelo Barroso para dicir que choca que se prantexe dita ubicación cando antes os grupos que agora están gobernando non estaban de acordo en que se ubicase no campo da feira, sobre todo porque se ubicaba en parte de terreos do Concello.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que o terreo que se ocupa o Concello é mínimo e o mesmo terá a consideración de Espacio libre.

O Sr. Sotelo Barroso di que habería que buscar outras ubicacións máis idóneas, xa que non lle parece boa a proposta sobre todo se temos en conta que o lado atopase o cemiterio.

O Sr. Alcalde di que é difícil atopar un terreo de 4.000 m2 e céntrico tal como solicita o Sergas.

Antes de dar por rematado o pleno o Sr. Alcalde anuncia que na vindeira seman convocará unha reunión da Fundación Vila Termal de Prexiguerio para tratar asuntos de interese para a zona.

Concluído o anterior, ás nove menos cinco da noite, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia rematouse a sesión no lugar e data ao principio sinalados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

